

## **SUBVENCIONS PARA O PEQUENO COMERCIO URBAN FERROL 2010**

### **OBXECTO:**

Modernización e mellora do pequeno comercio retalista nos barrios de A Magdalena, Canido e Ferrol Vello

### **ACTUACIONES SUBVENCIONABLES:**

1. Pintado e mantemento de fachadas
2. Mellora de escaparates
3. Colocación de novos rótulos
4. Obras de eliminación de barreiras arquitectónicas

### **BENEFICIARIOS:**

Persoas físicas ou xurídicas que acometan a reforma ou modernización como propietarios ou titulares de dereito, usufructuarios, arrendatarios ou por outros títulos xurídicos de igual natureza admisible en dereito

As empresas deberán cumprir as seguintes condicións:

- A súa plantilla non debe superar as 50 persoas empregadas
- O seu volume de negocio ou o seu balance xeral anual non supere os 10 millóns de euros
- Non estea participada directa ou indirectamente en máis dun 25 % por persoas físicas ou xurídicas que non reúnan algún dos requisitos anteriores.
- A actividade principal da empresa debe estar encadrada nos epígrafes correspondentes ás agrupacións 64, 65, 66 ou aos grupos 755, 971, 972 ou 973 do IAE

### **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

Cráterios	Puntuación
Impacto visual da intervención, valorando se se actúa sobre toda a fachada ou só sobre algúns elementos	15
A solicitude de varios locais contiguos ou na mesma rúa cunha proximidade visual	15
Calidade estética da intervención	15
Establecementos situados no barrio de Ferrol Vello	10
A empresaria solicitante sexa muller	10
O/a empresario/a solicitante sexa unha persoa con discapacidade (Teña recoñecido pola Administración un grado de discapacidade igual ou superior ao 33 %)	10
Antigüidade da actividade de máis de 10 anos	10
Actuación en edificio catalogado no PXOM	10
Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita axuda	5

### **CONTÍA DA SUBVENCIÓN:**

A subvención acadará o 50 % do gasto total subvencionable, co límite de 2.999 €.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.